

MAIOS 3º PRIMARIA
CEIP XUVENCOS

Pra facer os maios
o **Brais** está aquí
cos nenos de Xuvencos
en bici e en esquí

Levántate maio
patina a **Jimena**
pintando de cores
o arco da vella

Aí vén o maio
o **Ángel** quere baixar
encántalle o patio
e sobre todo xogar

Levántate maio
Yaiza quere saltar
e gústalle moito
tamén pintar

Pra facer os maios
Uxía vai cantar
coa música a tope
non deixa de bailar

Aí vén o maio
correndo pola estrada
parece un maratón
Matías dando patadas

Aí vén o maio
cans, gatos e lobos
fentos e pampillos
a **Tania** píntaos todos

Levántate maio
vén un superheroie
en coche ou en moto
o **Cristián** sempre pode

Aí vén o maio
con moita alegría,
correndo ou escalando
aí vén a **Sophía**

Levántate maio
aquí está o **André**

que quere xogar
con avións de papel
Levántate maio
o **Izan** vai furar
co balón de fútbol
quen o vai parar?

Aí vén o maio
imos todos pescar
e o noso amigo **Dani**
vainos axudar

Pra facer os maios
Jesús quere xogar
imos xogar ao fútbol
co pai e o seu irmán

Levántate maio
o **Álex** vai correr
a toda velocidade
ninguén o vai coller